

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2025/7	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	28 de febreiro de 2025
Duración	Dende as 13:31 ata as 13:51 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Paula M ^a Fernández Pena
Secretaria	Déborah García Suárez
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Estefanía Taín Surribas	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
María Asunción García Hernández	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 24.02.2025

Favorable**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 24 de febreiro de 2025.

Expediente 1467/2023. ACORDOS ADOPTADOS POLA COMISIÓN DESEGUIMIENTO DO VIVEIRO DE EMPRESAS DO CONCELLO DE SILLEDÁ**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o acordo da Comisión de Seguimento recollido na Acta, de data 18 de febreiro de 2025, e que se transcribe literalmente:

“Reunida a Comisión de Seguimento do Viveiro de Empresas de Silleda, composta por:

- Paula Mª Fernández Pena, (Alcaldesa)*
- Juan Carlos Peteiro Rodríguez (AEDL municipal)*
- Estefanía Taín Surribas (Concelleira de Promoción Económica e Axenda 2030)*
- Mª Soledad Rey Asorey, (funcionaria municipal que actúa como secretaria)*

Sendo ás 9:30 do martes 18 de febreiro de 2025, reúnense as persoas anteriormente mencionadas na Sala de Xuntas da Casa do Concello en Silleda, para atender ao único punto da orde do día da convocatoria:

1.- Valoración da solicitude de ocupación de espazos no Viveiro de Empresas presentada polo Sr. Miguel Cuiña Pérez

Sendo a solicitude para unha empresa de nova creación e comprobado que reúne os requisitos establecidos nas Bases, acórdase:

- Outorgar o uso do despacho núm. 4, durante dous (2) anos a contar dende o día da firma do contrato de cesión, prorrogables por vontade das partes previa solicitude cun mes de antelación á finalización por un período máximo de 12 meses.

- Comunicar, a data para a sinatura do contrato de Cesión do espazo. Sr. Miguel Cuiña Pérez.

E non habendo máis asuntos a tratar, sendo as 10:00, levántase a sesión, estendéndose desta a presente Acta que asinan os membros da Comisión.”

Polo exposto, ponse en coñecemento desta Xunta de Goberno Local os devanditos acordos, para a súa toma en consideración.

Expediente 372/2025. Servizo Lúdico-Educativo do Concello de Silleda**Concello de Silleda**

Favorable**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto que con data de 27 de outubro de 2022, o Concello de Silleda formalizou o contrato administrativo do Servizo Lúdico-Educativo de apertura de centros educativos públicos fóra do horario lectivo, coa empresa Centro de Orientación de Estudos Comerciales SLU (COESCO), previa licitación pública mediante procedemento aberto (Expte. 2142/2021).

Visto o prego de cláusulas administrativas particulares establece unha duración inicial dun ano, con posibilidade de prórroga ano a ano ata un máximo de catro anos, sempre que a Administración así o acorde expresamente. A última prórroga foi aprobada con data 16 de outubro de 2024, estendendo a vixencia do contrato ata o curso 2024-2025.

Visto que no informe técnico emitido pola educadora social municipal, técnica responsable do servizo, recóllese a necesidade de introducir melloras no programa, entre as que se inclúen a ampliación horaria con servizo de madrugadores, a inclusión de actividades en períodos vacacionais, a programación de inmersión lingüística e a asunción da limpeza dos espazos pola empresa adxudicataria.

Visto que a empresa prestadora do servizo manifestou dificultades económicas derivadas do incremento de custos salariais e materiais, o que fai insuficiente a achega municipal prevista inicialmente.

Visto que as melloras expostas no informe técnico emitido pola educadora social municipal supoñen unha modificación substancial das condicións actuais do contrato é preciso solicitar informes ós servizos de Intervención e Secretaría para estudar a posibilidade de iniciar un novo procedemento de licitación para a contratación do Servizo Lúdico-Educativo, co obxectivo de integrar as melloras.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Non aprobar a última prórroga do contrato administrativo do Servizo Lúdico-Educativo do Concello de Silleda coa empresa Centro de Orientación de Estudos Comerciales SLU (COESCO), que finalizará o 27 de outubro de 2025, notificando o presente acordo ós interesados.

SEGUNDO.- Solicitar informe á Intervención municipal, para avaliar a viabilidade económico-financeira dun novo contrato, atendendo ao incremento de custos previstos.

TERCEIRO.- Solicitar á Secretaría municipal, sobre a adecuación xurídica do procedemento, en particular no relativo á extinción da relación contractual actual e á formulación de novos pregos de contratación.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE